

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Decreto 352/2002, do 5 de decembro, polo que se regula a produción dos residuos da construción e demolición.

A produción de residuos aumentou nos últimos anos dun xeito considerable, resultando que a súa composición é cada día máis heteroxénea. En consecuencia, a axeitada protección da saúde humana e do ambiente debe partir da existencia dunha única regulación para tódolos residuos e completarse cunha regulación específica para determinadas categorías de residuos que responda ós crecentes problemas derivados da súa especificidade.

Entre os distintos tipos de residuos que precisan dunha regulación específica encóntranse os residuos derivados da construción e demolición. Estes residuos que, con carácter xeral, se coñecen habitualmente como entullos, proceden, na súa maior parte, da execución de obras de reforma de instalacións e edificios, construción de estradas e infraestruturas, operacións de derribo así como de fraccións de materiais de construción das obras de nova planta e de pequenas obras de reformas de vivendas ou urbanizacións.

Na actualidade, xéranse grandes cantidades das que o destino final adoita se-lo vertido incontrolado co impacto visual e ecolóxico conseguinte motivado polo gran volume que ocupan e o escaso control ambiental dos terreos onde se depositan. No mellor dos casos, os ditos residuos depositáanse en vertedoiros contribuíndo á rápida acugulación destes, sen ter en conta as súas posibilidades de reutilización ou reciclaxe a partir dunha axeitada selección en orixe.

Por todo isto, e dadas as excepcionais dificultades que suscita na actualidade a xestión deste tipo de residuos, resulta necesario o establecemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dunha regulación específica que comprenda as actividades de produción dos residuos da construción e demolición.

Esta regulación terá en conta o principio de prevención na produción previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como o fomento, por esta orde, da súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización coa finalidade de protexe-lo ambiente e a saúde das persoas.

Así mesmo, a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, tendo en conta a necesaria protección do ambiente, esixe que os edificios se proxecten, constrúan, manteñan e conserven de tal xeito que se garanta unha axeitada xestión de toda clase de residuos.

Neste contexto, o recentemente aprobado Plan Nacional de Residuos de Construción e Demolición

para o período 2001-2006 fixa una serie de obxectivos ecolóxicos para o logro dos cales propón, entre outras medidas, a elaboración dunha normativa específica sobre a materia baseada nos principios de xerarquía e no de responsabilidade do produtor.

Tendo en conta todo o anterior adoptouse, ó abeiro do disposto no artigo 9.1º da citada Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, por somete-la autorización administrativa da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente as actividades productoras de residuos de construción e demolición que figuren na lista ás que se refire o artigo 4º deste decreto. Para tal efecto, deberá previamente constituírse unha fianza ambiental na contía que resulte da aplicación da disposición adicional primeira deste decreto. Esta autorización non exime o solicitante de obte-lo resto das autorizacións e licencias esixibles, en particular, a licenza urbanística regulada na Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, e no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve.

Co obxecto de axiliza-la tramitación da citada autorización, fíxose un prazo máximo de notificación da resolución correspondente de tres meses, transcorrido o cal as solicitudes entenderanse estimadas. En todo caso, e co obxecto de facilita-la tramitación das correspondentes autorizacións, estableceuse tamén un sistema de inscrición de carácter voluntario e previo á autorización necesaria para cada obra, de tal xeito que as persoas físicas e xurídicas que decidan acollerse a el poidan evita-la multiplicidade de documentación que, noutro caso, sería necesario presentar. Este sistema complétase cun período transitorio que facilita, desde a entrada en vigor deste decreto, a súa inmediata aplicación.

Por outra banda é de destacar que nesta liña de desenvolve-lo artigo 9 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, se produce unha modificación do artigo 24 do Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación do produtor e xestor de residuos de Galicia, polo que se fai necesario concretar esta modificación nunha disposición adicional na que se modifica expresamente este artigo 24 e engádese un artigo 26 bis, no que se indica quen ten a obriga de inscribirse na nova sección III (dos residuos da construción e demolición) que se crea.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de decembro de dos mil dous,

DISPOÑO:

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto ten por obxecto regular, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as actividades de produción dos residuos da construción e demolición.

2. A produción dos residuos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria, non se rexerán por este decreto resultándolles de aplicación a súa normativa específica en materia de produción e posesión de residuos urbanos.

3. Quedarán así mesmo excluídos do ámbito de aplicación deste decreto as terras procedentes de escavacións.

Artigo 2º.-Obxectivos.

As actividades consistentes na realización de obras de construción e/ou demolición comprendidas no ámbito de aplicación deste decreto, deberán executarse nas condicións que permitan acadalo cumprimento dos seguintes obxectivos:

a) Impedi-lo abandono, o vertido e, en xeral, o depósito inadecuado dos residuos.

b) Previr e reducir desde a orixe os efectos negativos que poidan ter sobre o ambiente.

c) Fomenta-la reutilización ou reciclaxe das materias e substancias que conteñen os residuos mediante a recuperación selectiva e a separación en orixe.

d) Facilita-la xestión axeitada dos diferentes residuos procedentes das actividades reguladas neste decreto mediante unha previa separación en orixe, en particular, dos residuos perigosos así como dos envases e residuos de envases e, en xeral, de todos aqueles residuos dos que a xestión estea sometida a unha regulación específica.

e) Dispoñer da información necesaria para elaborar un sistema estatístico de xeración de datos e un sistema de información sobre este tipo de residuos.

Artigo 3º.-Definicións.

Para os efectos deste decreto enténdese por:

a) Obras menores de construción e reparación domiciliaria: as de sinxela técnica e escasa entidade constructiva e económica que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases.

b) Residuos de construción: aqueles que se orixinan no proceso de execución material dos traballos de construción, tanto de nova planta como de rehabilitación ou reparación.

c) Residuos de demolición: aqueles materiais e produtos de construción que se orixinan como resultado das operacións de desmontaxe, desmantelamento e derribo de edificios e de instalacións.

d) Productor do residuo: para estes efectos, entenderase como produtor do residuo a persoa ou entidade, pública ou privada que realice as operacións de construción e/ou demolición xeradoras deste tipo de residuos, sexa ou non o propietario do inmovible ou estrutura que o orixine.

e) Xestor do residuo: a persoa física ou entidade, pública ou privada, que realiza calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor deles.

Artigo 4º.-Lista de residuos da construción e demolición.

Para os efectos do establecido no artigo 9 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e atendendo ás excepciónais dificultades que suscita a súa xestión, apróbase a lista de residuos da construción e demolición que se recolle no anexo I deste decreto na que quedan incluídos os residuos non perigosos do capítulo 17 da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.

Capítulo II

Da produción de residuos

Artigo 5º.-Obrigas do produtor.

Os produtores de residuos estarán obrigados a:

a) Preve-la xeración de residuos.

b) Reutilizar e recicla-los seus residuos.

c) Facerse cargo directamente da xestión dos seus propios residuos, ou entregalos a un xestor autorizado para a súa valorización ou eliminación.

d) Afianzar, con carácter previo ó outorgamento da autorización regulada neste decreto, os custos previstos para a xestión dos residuos que se produzan, salvo no caso de que a dita fianza sexa constituída polo produtor ou polo xestor do residuo.

e) Sufraga-los correspondentes custos de xestión.

f) Obte-la autorización administrativa previa da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente regulada no artigo 6º deste decreto, así como a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia nos termos do Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación do produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

g) Garantir que as operacións de xestión dos residuos in situ se leven a cabo de acordo cos obxectivos deste decreto.

h) Facilitarlles ás administracións competentes na materia toda a información que lles soliciten e as actuacións de inspección en relación coas materias reguladas neste decreto.

Capítulo III

Sistema de prevención

Sección 1ª

Procedemento ordinario

Artigo 6º.-Acción preventiva.

1. Someteranse ó réxime de autorización como produtores, pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, as persoas físicas o xurídicas que pretendan levar a cabo as obras de construción e/ou demolición reguladas neste decreto.

2. A solicitude de autorización presentarse no modelo normalizado que figura no anexo II, detallando a ficha técnica da obra que se vai realizar, e dirixirse á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente debendo ir acompañada da seguinte documentación:

a) Copia compulsada do código de identificación fiscal (CIF) da empresa ou, se é o caso, documento

nacional de identidade (DNI) e número de identificación fiscal (NIF) do empresario individual.

b) En caso de persoa xurídica, copia da escritura de constitución ou modificación da sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro correspondente se non se trata de sociedade mercantil.

c) Poder notarial do representante legal da empresa.

d) Memoria correspondente ó proxecto técnico da obra que se pretende realizar debidamente asinada polo técnico competente. Na dita memoria deberá incluírse unha previsión do volume de residuos que xerará a obra proxectada.

e) Copia compulsada do documento ou documentos de aceptación asinado/s cun ou varios xestores autorizados que garantan o correcto destino dos residuos que se deriven da execución das obras proxectadas, cando os ditos residuos non os xestionen directamente o seu produtor ou posuidor.

f) Documentación acreditativa da previa constitución dunha fianza nos termos e condicións fixados no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental en relación coa disposición adicional primeira do presente decreto.

3. A autorización conterà, como mínimo, as seguintes especificacións:

a) Que a autorización se outorgará sen prexuízo das demais autorizacións ou licencias esixidas pola normativa aplicable.

b) O número de produtor de residuos autorizado.

c) O prazo polo que se outorga a autorización.

d) A obriga de cumpri-lo contido da memoria presentada.

e) A contía da fianza.

f) A cantidade máxima por unidade de produción e características de residuos que se poden xerar.

4. Así mesmo, na citada autorización poderase impoñer a obriga de separar en orixe as materias que deban ser obxecto de reutilización ou reciclaxe sempre que as características da obra o permitan e os custos sexan asumibles.

5. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será de tres meses, transcorrido o cal entenderase estimada a solicitude formulada.

Sección 2ª

Procedemento de inscrición previa de carácter voluntario

Artigo 7º.-Rexistro previo voluntario.

1. Co obxecto de axilizar a tramitación do procedemento de autorización regulado neste decreto créase, dentro da sección III (do rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia) unha subsección denominada: da inscrición previa de carácter voluntario.

2. Na dita subsección poderanse inscribir, con carácter previo á obtención da correspondente autorización, todas aquelas persoas físicas o xurídicas

que pretendan levar a cabo obras de construción e/ou demolición, e se encontren suxeitas ó réxime de autorización como produtores regulada neste decreto.

3. A inscrición no rexistro é voluntaria, polo que a ausencia de inscrición unicamente determinará que o produtor non inscrito deba presentar toda a documentación regulada no artigo 6º deste decreto no momento de solicita-la correspondente autorización.

Artigo 8º.-Procedemento da inscrición voluntaria.

As solicitudes de inscrición no rexistro tramitaranse ante a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e presentaranse en modo normalizado, que figura como anexo III, xunto coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada do código de identificación fiscal (CIF) da empresa ou, se é o caso, documento nacional de identidade (DNI) e número de identificación fiscal (NIF) do empresario individual.

b) En caso de persoa xurídica, deberase presentar copia da escritura de constitución ou modificación da sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro correspondente se non se trata de sociedade mercantil.

c) Poder notarial do representante legal da empresa.

d) Copia compulsada do documento ou documentos de aceptación asinado/s cun xestor ou xestores autorizados que garantan o correcto destino de tódolos residuos que se deriven da execución das obras que prevé realizar, cando os ditos residuos non os xestionen directamente o seu produtor ou posuidor.

Artigo 9º.-Resolución das solicitudes.

1. A Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, unha vez recibida a solicitude, coa documentación sinalada no artigo anterior adoptará a resolución que corresponda para a inscrición solicitada. O prazo para a notificación da resolución será de tres meses.

2. Acordada a inscrición no rexistro asignaráselle ó produtor o número rexistral correspondente, con notificación ó interesado.

Artigo 10º.-Modificación respecto ós documentos e datos rexistrais e declaración expresa das acreditacións rexistrais.

1. Os produtores inscritos estarán obrigados a poñer inmediatamente en coñecemento da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente calquera alteración que se produza respecto dos documentos e datos rexistrados, e en particular:

a) Toda alteración de carácter substancial, especialmente as que se refiren ó obxecto social ou á personalidade xurídica do empresario e que afecte o réxime de autorización regulado neste decreto.

b) As modificacións que afecten a representación conferida ou a personalidade da sociedade.

c) A perda de vixencia do documento de aceptación dos residuos polo xestor ou xestores autorizados.

2. Independentemente do anterior, estarán obrigados a formular anualmente declaración expresa

responsable, relativa á vixencia sen contradición, das circunstancias referidas. O incumprimento desta obriga, logo de apercibimento que para tal efecto lle dirixa o rexistro, suporá a suspensión provisional durante un prazo máximo de 6 meses dos efectos da inscrición ata a súa reparación. Transcorrido o dito prazo máximo sen recibí-la referida declaración, procederase á anulación definitiva da inscrición rexistral.

3. A solicitude de modificación será presentada no modelo normalizado que figura como anexo IV, xunto cos documentos acreditativos da modificación pretendida.

4. Mentres non se produza a incorporación ó rexistro da modificación solicitada, o produtor estará obrigado a achegar con cada solicitude de autorización a documentación acreditativa dos extremos ós que aquela se refira.

Artigo 11º.-Efectos da notificación da inscrición ou modificación rexistral.

1. Unha vez notificada ó interesado a inscrición ou modificación, o titular da actividade quedará exonerado de achegar, para cada unha das obras de construción e/ou demolición que pretenda levar a cabo a documentación que se encontre vixente no rexistro.

2. No suposto de inscrición previa, o prazo máximo para resolver sobre a autorización á que fai referencia o número 5 do artigo 6 pasará a ser dun mes.

3. En calquera momento, previo ou posterior á inscrición, a Consellería de Medio Ambiente poderá requirir da persoa inscrita a achega de calquera documento complementario ou aclaratorio que resulte necesario para a comprobación da exactitude e certeza dos datos achegados.

Artigo 12º.-Suspensión ou anulación definitiva da inscrición.

A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo con trámite de audiencia ó interesado, poderá acordar a suspensión temporal ou, se é o caso, a anulación definitiva da inscrición dos contratistas dos que non conste poder vixente, nos que consten datos ou documentos rexistrais incursos en falsidade ou inexactitudes relevantes, que non realizasen as comunicacións ou declaracións ás que veñan obrigados de conformidade co establecido neste decreto, sen prexuízo da suspensión á que se refire o artigo 10º.2.

Capítulo IV

Das relacións administrativas

Artigo 13º.-Relacións interadministrativas.

Nos termos da lexislación de réxime local, os concellos facilitarán á Consellería de Medio Ambiente a información que esta lles solicite en relación coas licencias outorgadas para a execución de obras de construción e/ou demolición ás que resulte de aplicación este decreto.

Capítulo V

Das infraccións e sancións

Artigo 14º.-Infraccións e sancións.

A potestade sancionadora en relación coas actividades de produción dos residuos reguladas neste

decreto exercerase nos termos do disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposicións adicionais

Primeira.-Importe da fianza.

1. O importe da fianza prevista no artigo 6º.2 f) deste decreto fíxase nas seguintes cantidades: 20 euros/tonelada de residuos previstos no proxecto, cun mínimo de 500 euros.

2. A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia actualizará a contía da fianza cada dous anos.

Segunda.-Residuos perigosos.

As actividades de produción de residuos da construción e demolición que teñan a consideración de perigosos rexeranse polo disposto no Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Terceira.-Normativa supletoria.

Ademais do establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, no non previsto neste decreto serán de aplicación, nas súas materias respectivas, as seguintes normas:

1. Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

2. Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Cuarta.-Valorización e eliminación dos propios residuos nos centros de produción.

A Consellería de Medio Ambiente poderá eximir da esixencia de autorización administrativa para levar a cabo as actividades de xestión ás empresas e establecementos que se ocupen da valorización ou da eliminación dos seus propios residuos de construción e demolición nos centros de produción, sempre que a Xunta de Galicia dicte normas xerais sobre cada tipo de actividade, nas que se fixarán os tipos e as cantidades de residuos e as condicións nas que a actividade pode quedar dispensada da autorización. Estas actividades serán, en todo caso, obxecto de inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Quinta.-Contratos celebrados polas administracións públicas.

No caso de obras públicas, corresponderá ó contratista constituí-la fianza prevista no artigo 6º, de acordo co previsto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Sexta.-Entidades colaboradoras.

1. O control do cumprimento dos obxectivos cuantificados de prevención incluídos no proxecto técnico

poderase levar a cabo a través de entidades colaboradoras da Administración.

2. A función das ditas entidades colaboradoras consistirá na emisión dun dictame no que, polo menos, se avalíen as seguintes cuestións:

a) O cumprimento dos obxectivos cuantificados de prevención.

b) A eficacia das medidas concretas establecidas no proxecto técnico para acadar os ditos obxectivos.

c) Os procedementos de control establecidos para comprobar a súa consecución.

3. Este dictame poderá ademais ser esixido con carácter previo á cancelación da fianza establecida neste decreto.

Sétima.-Requisitos técnicos das actividades de produción.

A Consellería de Medio Ambiente fixará, mediante orde, os requisitos técnicos que deberán de cumprirse no exercicio das actividades de produción reguladas neste decreto.

Oitava.-De modificación do Decreto 298/2000, do 7 de decembro, polo que se regula a autorización e notificación do produtor e xestor de residuos de Galicia e se regula a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

1. Modifícase o artigo 24 do Decreto 298/2000, do 7 de decembro, que queda redactado como segue:

«1. Artigo 24º.-Estructura do rexistro.

O Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia estrutúrase en tres seccións:

a) Sección I: dos residuos perigosos.

b) Sección II: dos residuos non perigosos.

c) Sección III: dos residuos da construción e demolición».

2. Establécese un novo artigo, o artigo 26 bis, co seguinte contido:

«Artigo 26 bis. Dos residuos da construción e demolición.

Inscribíranse na sección III as persoas físicas ou xurídicas, titulares das instalacións ou actividades de produción e xestores dos residuos da construción e demolición regulados pola súa normativa específica».

Novena.-Taxas.

As actuacións administrativas que deriven da aplicación deste decreto estarán sometidas ó aboamento das taxas previstas na normativa vixente.

Disposición transitoria

As obrigas establecidas nas alíneas a) e f) do artigo 5º deste decreto non serán de aplicación ata transcorridos seis meses desde a publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. Non obstante, os produtores de residuos da construción e demolición poderán solicitar a inscrición no rexistro previo voluntario regulado nos artigos 7 e seguintes desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Medio Ambiente para dictar as disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ós 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de decembro de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO I

Listaxe de residuos da construción e demolición (inclúense os códigos que, para cada residuo, establece a Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos):

17 01 Formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos.

17 01 01 Formigón.

17 01 02 Ladrillos.

17 01 03 Tellas e materiais cerámicos.

17 01 07 Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos distintos dos especificados no código 17 01 06.

17 02 Madeira, vidro e plástico.

17 02 01 Madeira.

17 02 02 Vidro.

17 02 03 Plástico.

17 03 Mesturas bituminosas, alcatrán de hulla e outros produtos alcatranados.

17 03 02 Mesturas bituminosas distintas das especificadas no código 17 03 01.

17 04 Metais (incluídas as súas aliaxes).

17 04 01 Cobre, bronce, latón.

17 04 02 Aluminio.

17 04 03 Chumbo.

17 04 04 Zinc.

17 04 05 Ferro e aceiro.

17 04 06 Estaño.

17 04 07 Metais mesturados.

17 04 11 Cables distintos dos especificados no código 17 04 10.

17 06 04 Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 17 06 01 e 17 06 03.

17 08 Materiais de construción a partir de xeso.

17 08 02 Materiais de construción a partir de xeso distintos dos especificados no código 17 08 01.

17 09 Outros residuos de construción e demolición.

17 09 04 Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados nos códigos 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.

ANEXO II



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE PRODUCTOR DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E/OU DEMOLICIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA973A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DÓN / DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO <input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA _____ CIF _____			
E CON DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS EN			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

EXPÓN:
Que pretende levar a cabo actividades de produción de residuos da construción e/ou demolición na obra da que a descrición se recolle nos puntos seguintes (ficha técnica).
Que, para tal efecto,

SOLICITA:
Autorización/Inscripción para levar a cabo a actividade de produción exposta, de conformidade co disposto no Decreto ___/2002, do _____, polo que se regula a produción dos residuos da construción e demolición e o resto da normativa aplicable, xuntando para tal fin a documentación que se cita.

FICHA TÉCNICA DA OBRA QUE SE VAI REALIZAR

I. LUGAR E DESCRICIÓN DA OBRA QUE SE VAI REALIZAR	II. VOLUME APROXIMADO DOS RESIDUOS
III. CARACTERÍSTICAS DOS RESIDUOS	IV. OBXECTIVOS CUANTIFICADOS DE PREVENCIÓN
V. MEDIDAS CONCRETAS PARA ACADA-LOS DITOS OBXECTIVOS	VI. PROCEDEMENTOS DE CONTROL
VII. OPERACIÓNS DE SEPARACIÓN E DE RECOLLIDA SELECTIVA PROXECTADA	VIII. OPERACIÓNS DE XESTIÓN PREVISTAS
IX. INSTALACIÓN OU INSTALACIÓNS DE RECICLAXE, VALORIZACIÓN OU DEPÓSITO DO REFUGALLO	

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA SOLICITUDE

<p>A. PRODUCTORES NON INSCRITOS PREVIAMENTE CON CARÁCTER VOLUNTARIO</p> <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (CIF) DA EMPRESA OU DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE (DNI) E NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF) DO EMPRESARIO INDIVIDUAL. <input type="checkbox"/> COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA SOCIEDADE, DEBIDAMENTE INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL OU NO REXISTRO CORRESPONDENTE SE NON SE TRATA DE SOCIEDADE MERCANTIL. <input type="checkbox"/> PODER NOTARIAL DO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA. <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO/S DE ACEPTACIÓN ASINADO CUN XESTOR/ES AUTORIZADO/S GARANTINDO O CORRECTO DESTINO DOS RESIDUOS DERIVADOS DAS OBRAS QUE SE VAN REALIZAR.	<p>DOCUMENTACIÓN COMÚN</p> <input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PREVIA CONSTITUCIÓN DUNHA FIANZA NOS TERMOS E CONDICIÓNIS FIXADOS NO DECRETO 455/1996, DO 7 DE NOVEMBRO, DE FIANZAS EN MATERIA AMBIENTAL EN RELACIÓN COA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA DO DECRETO ___/2002, DO _____, POLO QUE SE REGULA A PRODUCCIÓN DOS RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN. <input type="checkbox"/> MEMORIA CORRESPONDENTE Ó PROXECTO TÉCNICO DA OBRA QUE SE PRETENDE REALIZAR DEBIDAMENTE ASINADA POR TÉCNICO COMPETENTE NA QUE SE INCLÚE UNHA PREVISIÓN DO VOLUME DE RESIDUOS QUE VAI XERA-LA OBRA PROXECTADA.
<p>B. PRODUCTORES INSCRITOS PREVIAMENTE CON CARÁCTER VOLUNTARIO NÚMERO REXISTRAL: _____</p>	

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Decreto 352/2002, do 5 de decembro, polo que se regula a produción dos residuos da construción e demolición.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>_____ de _____ de 2002</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

ANEXO IV



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO MODIFICACIÓN DA INSCRIPCIÓN VOLUNTARIA E DE CARÁCTER PREVIO Á AUTORIZACIÓN DE PRODUCTOR DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E/OU DEMOLICIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA973C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DON / DONA		DNI	
<input type="checkbox"/> EN NOME PROPIO <input type="checkbox"/> COMO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA _____ CIF _____			
E CON DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS EN			
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBSERVACIÓNS

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN COA SOLICITUDE

<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (CIF) DA EMPRESA OU DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE (DNI) E NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF) DO EMPRESARIO INDIVIDUAL.
<input type="checkbox"/> COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN DA SOCIEDADE, DEBIDAMENTE INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL OU NO REXISTRO CORRESPONDENTE SE NON SE TRATA DE SOCIEDADE MERCANTIL.
<input type="checkbox"/> PODER NOTARIAL DO REPRESENTANTE LEGAL DA EMPRESA.
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO/S DE ACEPTACIÓN ASINADO CUN XESTOR/ES AUTORIZADO/S GARANTINDO O CORRECTO DESTINO DOS RESIDUOS DERIVADOS DAS OBRAS QUE SE VAN REALIZAR.
<input type="checkbox"/> OUTRA: _____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 352/2002, do 5 de decembro, polo que se regula a produción dos residuos da construción e demolición.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____

Delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en _____

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 19 de decembro de 2002 pola que se regula a solicitude única, no ano 2003, de axudas a superficies, animais e indemnización compensatoria, así como a solicitude doutras primas gandeiras.

I

O Regulamento (CEE) 3508/1992, do Consello, do 27 de novembro, establece un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, que ten como obxectivo fundamental aumenta-la eficacia e rendibilidade dos mecanismos de xestión e control, co fin de que non se perciba unha dobre axuda con base a unha superficie concreta ou por un animal determinado.

No Regulamento (CE) 2419/2001, da Comisión, do 11 de decembro, establécense as normas de aplicación do devandito sistema integrado de xestión e control.

II

Polo que se refire a cultivos herbáceos, o Regulamento (CE) 1251/1999, do Consello, do 17 de maio, establece un réxime de apoio ós produtores de determinados cultivos herbáceos, baseado na concesión de pagamentos compensatorios, por unha superficie que estea sementada de cultivos herbáceos ou que fora retirada do cultivo e que non sobrepase unha superficie básica rexional.

As disposicións de aplicación das axudas por superficie mencionadas establécense nos regulamentos (CE) da Comisión 1586/1997, do 29 de xullo, e 2316/1999, do 22 de outubro.

Así mesmo, o Regulamento (CE) 1673/2000, do Consello, do 27 de xullo, polo que se establece a organización común de mercados no sector do liño e do cânabo, considera a concesión dunha axuda para o liño destinado á produción de fibras e para o cânabo.

Noutra orde de cousas, o Regulamento (CE) 1577/1996 do Consello, do 30 de xullo, polo que se establece unha medida específica en favor de determinadas leguminosas de gran, considera unha axuda por hectárea para as sementeiras de lentellas, garavanzos, vezas e órobos, cunha superficie máxima garantida de 400.000 ha para o conxunto da Unión Europea, dispoñendo, así mesmo, que se aplicará o sistema integrado de xestión e control á devandita medida.

O Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie ós produtores de determinados produtos agrícolas establece a normativa básica aplicable ós réximes de axuda comunitarios a determinados cultivos herbáceos, arroz e leguminosas gran.

III

Polo que se refire ás primas gandeiras, o Regulamento (CE) 1254/1999, do Consello, do 17 de maio, establece a nova organización común de mercados no sector da carne de vacún, no que se prevén varias axudas para os produtores que exercen a actividade no sector.

Así mesmo, o Regulamento (CE) 2342/1999, da Comisión, do 28 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1254/1999, define distintos aspectos en relación coas condicións de acceso ás axudas e ós procedementos de xestión e pagamento das mesmas.

Por outra banda, a evolución do mercado da carne de vacún en toda Europa, como consecuencia da extensión da encefalopatía esponxiforme bovina (EEB) a diversos estados membros, entre os que se atopa España, fixo necesaria a modificación de determinados aspectos dos réximes de axuda e a reorientación doutros para a reordenación do sector de gando vacún cara á mellora da competitividade e da calidade, garantindo o cumprimento das esixencias do consumidor.

Así mesmo, o Regulamento (CE) 2529/2001, do Consello, do 19 de decembro, desenvolto polo Regulamento (CE) 2550/2001, da Comisión, do 21 de decembro, establece a organización común de mercados no sector da carne de ovino e cabrún, que substitúe a normativa anterior sobre axudas a este sector.

Debe terse en conta, ademais, que o Regulamento (CE) 1760/2000, do Consello, do 17 de xullo, establece un sistema de identificación e rexistro dos animais, e que o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, incorpora requisitos relativos á identificación e ó rexistro dos animais da especie bovina.

O Real decreto 138/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector da carne de vacún, establece a normativa básica para a prima especial a produtores de bovinos machos, as primas a produtores que manteñan vacas nutrices, a prima por sacrificio, o pagamento por extensificación e os pagamentos adicionais neste sector.

O Real decreto 139/2002, do 1 de febreiro, sobre determinadas axudas comunitarias no sector das carnes de ovino e cabrún establece a normativa básica dos réximes de axudas directas á produción de ovino e cabrún.

IV

No que atinxe ás indemnizacións compensatorias, no capítulo V do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre axuda ó desenvolvemento rural, e no Regulamento (CE) 445/2002, da Comisión, do 26 de febreiro, que establece as disposicións de desenvolvemento do anterior, defínense as condicións básicas para a percepción destas axudas en determinadas zonas desfavorecidas, co obxectivo de asegurar un uso continuado das terras agrarias, contribuíndo ó mantemento dunha comunidade rural viable.